



SOLICITUDE DE ORZAMENTO PARA A CONTRATACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN E A PROMOCIÓN DUNHA RUTA DE TAPAS EN AROUSA NORTE (V EDICIÓN DE AROUSA NORTE + Q TAPAS)

1. OBXECTO

A Mancomunidade de Municipios Arousa Norte quere fomentar o desenvolvemento económico vinculado a oferta turística, creando unha oferta centrada na gastronomía que ofrece o destino para dar servizo , sorprender ó consumidor final, grazas a alta calidade e a excelencia do produto. É por iso que a Mancomunidade propón realizar a V edición da ruta de tapas "Arousa Norte + q tapas".

Coa ruta de tapas preténdese involucrar ó maior número de locais e establecementos hostaleiros dos concellos de Arousa Norte (A Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo e Riveira), dándolle dinamismo ás rúas e incentivando ó público a achegarse os locais.

A empresa adxudicataria será a encargada de:

- A creación, a xestión e o seguimento da ruta de tapas
- A coordinación, consulta e xestión cos locais de Arousa Norte para a participación da ruta de tapas
- Supervisión e asesoramento na elaboración das tapas
- Aprobación das tapas presentadas
- O deseño da campaña, a realización dunha campaña de publicidade e impresión e colocación do material de promoción
- Visitas personalizadas ós establecementos hostaleiros para captar a súa participación
- Creación dun protocolo de actuación (pequena formación) ó persoal dos establecementos para unha atención de calidade na ruta de tapas.
- Realización de fotografías das tapas presentadas
- Realización dun informe/ memoria final



2. OBXECTIVOS

Os principais obxectivos que se pretenden conseguir coa ruta de tapas son os seguintes:

- Dar publicidade á V edición da ruta de tapas "Arousa Norte + q tapas".
- Motivar ó público á asistencia das actividades programadas en tempada baixa.
- Dinamizar o sector da hostalería en tempada baixa.
- Establecer un itinerario nos concellos integrantes da Mancomunidade Arousa Norte.
- Crear sinerxías con programacións diversas de cada concello e con distintos establecementos.
- Incentivar a cultura de tapas en Arousa Norte e fomentar a calidade das tapas.

3. ÁMBITO / PUBLICO DESTINATARIO

Público comarcal e visitantes de proximidade

4. TEMPORALIDADE

A ruta de tapas realizarase durante os días 8, 9, 10, 15, 16, 17, 22, 23, 24, 29 e 30 de novembro e 1 de decembro. Pendente de determinar entre a empresa adxudicataria e a Mancomunidade Arousa Norte.

5. MEMORIA TÉCNICA A PRESENTAR

A memoria técnica deberá contemplar como mínimo os seguintes puntos:

5.1 Elaboración de bases de participación

Na memoria técnica presentarase unha proposta das bases de participación na ruta de tapas. As bases de participación definitivas serán completadas logo de adxudicar o contrato, tendo en conta as achegas da Mancomunidade Arousa Norte, así como a aprobación das bases pola Mancomunidade.



- * Nas bases especificaranse **como mínimo** o seguinte puntos:
- Condicións de participación e os criterios que deberán ter os establecementos hostaleiros para poder participar
 - O prezo de cada tapa
 - Os produtos empregados
 - O prazo de inscrición
 - Os premios do concurso
 - Os criterios de valoración das tapas
 - Os diferentes sorteos a realizar
 - O número de locais participantes
 - As obrigas dos locais participantes

Terase en conta para elaborar as bases a imaxe corporativa da Mancomunidade de Municipios Arousa Norte.

5.2 Deseño da campaña e impresión do material de promoción

Crearase unha imaxe para a campaña de V edición da ruta de tapas "*Arousa Norte + q tapas*" tendo en conta a imaxe corporativa da Mancomunidade de Municipios Arousa Norte. O deseño será aprobado pola Mancomunidade Arousa Norte.

Esta campaña terá en conta o deseño de carteis, dípticos, tickets regalo, imaxes para empregar nas redes sociais, bandeirolas, pancartas, urnas, papeletas para a valoración das tapas, elementos identificativos para os establecementos participantes e calquera outra que sexa preciso.

5.3 Campaña de publicidade

Detallarase unha campaña de publicidade para dar difusión ó evento da ruta de tapas, para o cal se presentará un plan de medios e soportes.

Indicarase o material de promoción que se colocará nos distintos establecementos participantes. Este material terá que estar altamente visible.



Os contidos e as súas correspondentes traducións serán a achegadas pola empresa adxudicataria, sempre que sexa preciso.

A empresa adxudicataria estará coordinada coa Mancomunidade Arousa Norte, nas campañas publicitarias así como os medios de comunicación empregados.

5.4 Cronograma e metodoloxía de traballo

Detallarase un cronograma e a metodoloxía de traballo .

5.5 Fotografías e listado das tapas

Antes do inicio da ruta, a empresa adxudicataria entregará á Mancomunidade Arousa Norte un banco fotográfico (formato dixital) das tapas que se van presentar na ruta de tapas. O banco fotográfico virá en catro carpetas correspondentes a cada concello. Cada tapa irá identificada co nome da tapa e tamén do establecemento.

5.6 Dinamización da ruta de tapas

Na memoria detallaranse as distintas propostas que se poden realizar para amenizar e dinamizar a ruta de tapas como grupos de música tradicional galega, grupos de música, conta contos, actividades e inchables para público infantil, etc..

Tamén se recollerán na programación da ruta de tapas as distintas actividades que se realicen nos concellos de Arousa Norte nas datas que dure a ruta, así como as propias actividades que poidan realizar os propios establecementos. Estas actividades serán facilitadas pola Mancomunidade Arousa Norte.

5.7 Protocolo de actuación / formación ó sector hostaleiro

A empresa adxudicataria será a encargada de definir un protocolo de actuación e ou pequena formación para a atención das persoas usuarias na ruta de tapas.



5.8 Ideas para crear sinerxías con outros establecementos

A empresa adxudicataria expoñerá ideas potenciais para poder crear sinerxías con outros establecementos na duración da ruta de tapas.

5.9 Visitas informativas

A empresa adxudicataria será a encargada de realizar as visitas nos establecementos hostaleiros potenciais, na que como mínimo se explicará de xeito personalizado o desenvolvemento da ruta de tapas, se lles dará unha copia das bases de participación e unha ficha de inscrición por si están interesados, unha explicación da repercusión turística e económica que pode ter, así como a programación complementaria.

A empresa adxudicataria realizará un informe que como mínimo conterá os seguintes datos: nomes dos establecementos visitados, enderezo, o nome da persoa contactada, teléfono e correo electrónico (se o tiveran).

5.10 Sorteos/ agasallo

A empresa adxudicataria definirá os diferentes sorteos/ agasallos para tentar incentivar a todos os axentes na promoción. Os agasallos estarán destinados tanto ós establecementos participantes así como á clientela da ruta de tapas.

5.11 Coordinación

A empresa adxudicataria coordinarase en todo momento co persoal indicado da Mancomunidade de Municipios Arousa Norte.

6. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

Responsabilidade- A empresa adxudicataria será responsable da calidade técnica dos traballos a desenvolver e da prestación e servizos realizados, así coma das



consecuencias que se deduzan para a Mancomunidade, ou para terceiras persoas, das omisións, erros ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

A empresa adxudicataria asumirá calquera responsabilidade civil subsidiaria que poida derivarse da prestación do servizo.

Organización – A empresa adxudicataria deberá de dispoñer dos elementos materiais e humanos suficientes para a debida execución do contrato correspondente a esta solicitude, así como do material preciso, levando a cabo en tempo e forma os servizos a prestar.

Artes finais – Logo de rematar o traballo, a empresa adxudicataria deberá facer entrega á Mancomunidade das artes finais do deseño da campaña, en alta resolución editable. O dito traballo pasará a ser propiedade da Mancomunidade Arousa Norte.

Fotografías e imaxes. As fotografías empregadas e realizadas pola empresa adxudicataria para a execución desta solicitude, pasará a ser propiedade da Mancomunidade para a súa libre disposición. En ningún caso se poderán empregar imaxes, fotografías ou deseños que impliquen unha responsabilidade legal polo seu uso.

Informes. A empresa adxudicataria deberá presentar un informe final da ruta de tapas e un informe de impacto **na semana seguinte da finalización da ruta.**

Os puntos mínimos que deberá conter o informe/memoria final serán os seguintes:

- As bases de participación
- A campaña de publicidade empregada e o impacto creado
- Os distintos deseños empregados na campaña
- O número, o nome dos establecementos consultados para participar, así como a data da visita
- O número e nome dos establecementos participantes
- O número de tapas vendidas por establecemento
- Incremento ou non do público en xeral nos establecementos participantes
- As tapas dos establecementos (incluíndo as fotografías)
- As actuacións de dinamización durante a ruta de tapas



- Un dossier de prensa relacionado coa ruta de tapas

7. PROPOSTAS

As propostas deberán conter a seguinte información, ordenada como se indica nos puntos:

1. **Datos de identificación:** Nome e apelidos da persoa física ou xurídica, denominación social de ser o caso, NIF/CIF, teléfono de contacto e correo electrónico (anexo I)
2. **Memoria técnica.** Segundo se indica a descrición nos puntos recollidos no punto 5 desta solicitude (MEMORIA TÉCNICA).
3. **Oferta económica.** A oferta económica deberá contemplar un orçamento detallado para todos os aspectos correspondentes para a execución final do traballo, dende o deseño, impresións, etc. Na oferta económica contemplárase o prezo final (impostos incluídos).

8. IMPORTE DE CONTRATACION

O orzamento máximo para a adxudicación do contrato é **11.000 € (IVE incluído)**.

Criterios de adxudicación. Como criterios de adxudicación terase máis en conta para a valoración da proposta presentada as actividades para a dinamización da ruta, a orixinalidade de ideas presentadas para a posta en marcha da ruta de tapas que a baixa no orzamento.

9. PRAZO, FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS

As propostas presentaranse nas oficinas da Mancomunidade de Municipios Arousa Norte, segundo andar da Casa do Concello de Boiro, na Praza de Galicia, sn con código postal 15930, en Boiro – A Coruña, en horario de atención ó público (de 9.00 h a 13.30 h) **con data límite do 23 de outubro de 2019** ou na sede electrónica <https://sede.arousa-norte.es/opencms/gl/>



10. ACEPTACIÓN DAS BASES

A presentación da proposta da empresa a esta solicitude supón o coñecemento e a aceptación de todas e cada unha das bases desta solicitude de orzamentos.

Boiro, 16 de outubro de 2019



ANEXO I

Datos de identificación:

NOME:

APELIDOS:	
NIF:	
EMPRESA:	
CIF:	
ENDEREZO:	
CÓDIGO POSTAL:	
POBOACIÓN:	
PROVINCIA:	
TELÉFONO:	
MAIL:	